

APE GALICIA

**Asociación Intersectorial e
Interterritorial de Autónomos e
Pequeñas Empresas de Galicia**

BOLETÍN AGOSTO

APE GALICIA

*CHARLA INFORMATIVA SOBRE AS AXUDAS PARA AS PERSOAS AUTÓNOMAS:
BONO AUTÓNOMO*

INFORMACIÓN AUTÓNOMOS

*CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DE NIVEL BÁSICO PARA
EMPREGADOS PÚBLICOS, TRABALLADORES POR CONTA ALLEA OU
AUTÓNOMOS, EMPRESARIOS E AQUELAS PERSOAS CON INQUEDANZAS NO
ÁMBITO DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.*

*BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO PROGRAMA EMEGA PARA O
FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO EN GALICIA*

*BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A
INCENTIVAR O EMPREGO AUTÓNOMO E A CONTRATACIÓN DE PERSOAS
MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.*

*BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS
CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA
(IEBT)*

*BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CREACIÓN DE
EMPREGO E INCREMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL*

*AXUDAS PARA AMPLIAR A REDUCIÓN DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL
PARA A CONSOLIDACIÓN DO TRABALLO AUTÓNOMO, E SE PROCEDE Á SÚA
CONVOCATORIA PARA O ANO 2017.*

CHARLA INFORMATIVA SOBRE AS AXUDAS PARA AS PERSOAS AUTÓNOMAS: BONO AUTÓNOMO

A Secretaria Xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús, deu a coñecer aos autónomos de Pontevedra as ferramentas que a Xunta ten a disposición deste colectivo de traballadores en Galicia, facendo fincapé no Bono Autónomo. Unha axuda de ata 3000 euros da que poden beneficiarse aqueles traballadores autónomos con máis de 42 meses de antigüidade.

APE Galicia, coa colaboración das súas asociacións vinculadas organizou o pasado 10 de Agosto unha charla informativa na cidade de Pontevedra para dar a coñecer o Bono Autónomo, as súas aplicacións, solicitude e posterior execución da axuda. O acto, presentado polo presidente da asociación de autónomos, José Ramón Caldas, e o vogal de Pontevedra, Pablo Fernández, contou coa presenza da Secretaria Xeral de Emprego, encargada de informar aos asistentes.

Axenda 20 para o emprego, a oficina do autónomo e especialmente o bono autónomo, foron algunhas das cuestións que abordou o pasado xoves a Secretaria Xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús, nunha comparecencia pública na que explicou con detalle estas ferramentas, e contestou todas as dúbidas que lle plantexaron os 70 autónomos que acudiron ao evento, o cal se desenvolveu no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra.

Do bono beneficiaranse os autónomos que queiran consolidar o seu negocio, con axudas de ata 3.000 euros. É necesario que teñan unha antigüidade mínima de 42 meses como traballadores por conta propia e unha facturación superior aos 12.000 euros e inferior aos 30.000, da contía concedida poderán dispor dun anticipo do 100% da axuda.

As axudas, segundo explicou a Secretaria Xeral, concédense por orde de solicitude. Os bonos servirán para mellorar a competitividade da empresa, serán subvencionables únicamente a prestación de servizos, servizos que permitan a mellora da xestión financeira, servizos de optimización de procesos de produción e cadea loxística, relanzamento comercial, imaxe, comunicación e posicionamento web.

A Xunta utiliza desde hai uns meses a oficina do autónomo, a través desta oficina virtual resolven as cuestións das persoas traballadoras autónomas ou ben para saber o estado de tramitación dos expedientes. Poden facer calquera consulta nesta oficina virtual www.oficinadoautonomo.gal, no teléfono de información 981 544 691 ou na dirección de correo electrónico autonomos.emplo@xunta.gal.



CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DE NIVEL BÁSICO PARA EMPREGADOS PÚBLICOS, TRABALLADORES POR CONTA ALLEA OU AUTÓNOMOS, EMPRESARIOS E AQUELAS PERSOAS CON INQUEDANZAS NO ÁMBITO DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

Requisitos dos participantes

Empregados públicos, traballadores por conta allea ou autónomos, empresarios e aquelas persoas con inquedanzas no ámbito da prevención de riscos laborais.

Desenvolvemento das actividades de formación

As actividades formativas realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <http://egap.xunta.gal>

Solicitudes e prazos

1. O prazo de presentación de solicitudes será do 28 de agosto ao 6 de setembro de 2017.
2. As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<http://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 9.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes ata as 23.55 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

3. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

4. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listas de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

5. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil e, de tratarse de actividades impartidas na modalidade de teleformación, deberán dispor dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un computador con conexión á internet.
- Un navegador web co plugin de flash.

6. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 54 e 981

54 63 35 e do enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.gal

Realización de probas

Para poder superar a actividade de teleformación é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

- A asistencia á sesión presencial de apertura, se a houber.
- A adecuada realización de todas as actividades que o titor propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final presencial.
- A superación das probas de avaliación que para os efectos se establezan. Para superaren as probas de avaliación, os/as alumnos/as deberán responder de forma correcta un 50 % das preguntas da proba. As respostas incorrectas non descontarán acertos.

Ao iniciar a actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas e o horario en que estas terán lugar. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e do horario da proba final.

Para poder aprobar a actividade formativa, o alumnado deberá superar unha proba final de avaliación. As datas e o lugar de realización desta será o indicado no anexo II.

Normativa

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017 pola que se convoca un curso de prevención de riscos laborais de nivel básico para empregados públicos, traballadores por conta allea ou autónomos, empresarios e aquelas persoas con inquedanzas no ámbito da prevención de riscos laborais.

O programa Emega comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como para ter acceso a servizos específicos de acompañamento, asesoramento e titorización co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.

Co dito fin, o programa Emega (procedemento SI429A) comprende as seguintes liñas e axudas complementarias:

Liña Emprende: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

Liña Innova: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade en empresas constituídas por mulleres, e que impliquen a creación de emprego feminino vinculado ao proxecto de mellora.

Liña Activa: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres, a través de medidas de renovación, implantación, ampliación ou cambio de localización da actividade dirixidas a paliar unha situación económica adversa, e que resulten necesarias para o mantemento do emprego por conta propia e por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e asegurar a súa pervivencia e consolidación no actual contexto económico. As ditas medidas, en ningún

caso, poderán supor destrución do emprego existente por conta propia e allea.

Liña ITEF: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

Concilia: axuda complementaria das liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nas súas dúas modalidades: Concilia-promotoras e Concilia-persoas traballadoras por conta allea.

Dual: axuda complementaria para incentivar a participación no programa de titorización que estableza a Secretaría Xeral da Igualdade co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais subvencionados ao abeiro desta convocatoria a través das liñas Emprende, Activa, Innova ou ITEF.

O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo

19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fxados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das axudas do programa Emega as empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica ou formalicen os seus plans Innova ou Activa no período comprendido entre o 1 de agosto de 2016 e a data da fin do prazo de presentación de solicitudes, sempre que cumpran todas as condicións e requisitos comúns e os específicos da correspondente liña ou tipo de axuda previstos nas bases reguladoras.

Debe tratarse de empresas coa categoría de micro ou pequenas empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten: empresarias individuais, sociedades civís ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado.

Importe

A contía das axudas establécese en función da liña solicitada e do número de postos de traballo xerados para mulleres, por conta propia e por conta allea, de acordo co seguinte:

Liña Emprende: incentivos desde 12.000 € ata 22.000 €.

Liña Innova: incentivos desde 15.000 € ata 22.000 €.

Liña Activa: incentivos desde 6.000 € ata 18.000 €.

Liña ITEF: incentivos desde 18.000 € ata 50.000 €.

Axuda complementaria Concilia:

Concilia-promotoras: incentivo de 3.000 €.

Concilia-persoas traballadoras por conta allea: incentivo de 1.000 € a 5.000 €.

Axuda Dual: incentivo de 500 €.

Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total dun millón setenta e seis mil cento nove euros (1.076.109 €), o 80 %, con cargo ao FSE e o 20 % con cargo a fondos propios da Comunidade Autónoma. Estas axudas están sometidas ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Normativa

RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2017.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170804/AnuncioG0244-310717-0001_gl.html

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A INCENTIVAR O EMPREGO AUTÓNOMO E A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.

Esta convocatoria de subvencións pretende acadar a integración das persoas mozas, inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no mercado laboral e a través dos seguintes programas:

Programa I: promoción do emprego autónomo de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Programa II: incentivos a empresas e empregadores, con centros de traballo en Galicia, que contraten de maneira indefinida inicial ou temporal ou transformen o contrato temporal en indefinido ás persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Programa III: programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, dirixido a mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

As solicitudes de subvención deberán presentarse por separado para cada un dos programas deste nos modelos de solicitude correspondentes, xunto coa documentación e no prazo establecido para cada tipo de programa.

Programa I. Promoción do emprego autónomo de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (procedemento TR341J).

O obxecto deste programa é axudar a financiar aqueles proxectos empresariais cunha viabilidade económica e financeira que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas mozas desempregadas que figuren inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil como interesadas en recibir as accións executadas no contexto da garantía xuvenil e que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das axudas deste programa as persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en

persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, e que desenvolvan fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia (segundo a alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, modelo 036 ou 037), sempre que cumprindo as condicións establecidas para cada tipo de axuda, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar inscrito no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- b) Non ter traballado no día anterior á data de inicio da actividade laboral.
- c) Ter solicitada a alta como persoa traballadora autónoma no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional con anterioridade á presentación da solicitude de subvención.
- d) Terse dado de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime

especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.

e) Non percibir subvencións ao abeiro dos distintos programas de promoción do emprego autónomo nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Este prazo computarase desde a data de notificación da resolución da anterior subvención.

f) Non desenvolver como persoa traballadora autónoma a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin está de alta como persoa traballadora autónoma en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará á persoa traballadora autónoma colaboradora.

Contía da axuda

Co obxecto de axudar as persoas desempregadas ao inicio e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma e deste xeito facilitarlle ingresos durante o inicio da súa actividade laboral, establécese unha contía base de 4.000 € para todas aquelas persoas que teñan a condición de beneficiarias.

Esta contía base incrementarase nun 25 % nos seguintes casos:

a) Se a persoa incorporada é unha muller.

b) Se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.

c) Se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.

d) No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da persoa autónoma estea situado nun concello rural.

Deste xeito a contía máxima posible, de aplicarse todos os incrementos, sería de 8.000 €.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes de axudas do programa para a promoción do emprego autónomo será desde o día seguinte á data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o 30 de setembro de 2017.

Programa II. Incentivos a empresas e empregadores, con centros de traballo en Galicia, que realicen unha contratación indefinida inicial, unha contratación temporal ou unha transformación en indefinido dun contrato temporal subvencionado ao abeiro deste programa, con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (procedementos TR349I e TR349L).

O obxecto deste programa é incentivar a contratación por conta allea que ten por finalidade favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Entidades beneficiarias

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos neste programa as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, que realicen unha contratación indefinida inicial, unha contratación temporal ou unha transformación en indefinido dun contrato temporal subvencionado ao abeiro deste programa con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Contratacións subvencionables

Serán subvencionables ao abeiro deste programa:

- As contratacións indefinidas iniciais e as contratacións temporais realizadas desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- As transformacións en indefinidos dos contratos temporais realizados desde o 1 de outubro de 2016 e subvencionados ao abeiro deste programa, sempre que a transformación se formalice ata o 30 de setembro de 2017, formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

PROCEDIMENTO DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (TR349I)

Os incentivos previstos neste procedemento serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais a tempo completo,

incluída a modalidade de fixo discontinuo, que realicen as empresas e as persoas empregadoras desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Requisitos

A persoa moza pola que se solicita a subvención debe estar inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil, estar desempregada na data da súa contratación indefinida inicial a tempo completo e non ter traballado no día natural anterior á data da contratación.

Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa, no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención. Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo e neto non se computarán as persoas traballadoras fixas cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes ou cuxas baixas se produzan por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

No caso de que no mes anterior á contratación pola que se solicita a

subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontinuas, estas computaranse como persoal fixo.

Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e traballadoras seleccionados/as deberán comunicarse á oficina de emprego correspondente, necesariamente a través da aplicación CONTRAT@, agás no caso de empresas de menos de cinco traballadores, que poderán facelo a través desta aplicación ou ben por escrito.

Contías dos incentivos

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 7.000 euros. Esta contía incrementarase nun 25 % nos seguintes casos:

- a) Se a persoa incorporada é unha muller.
- b) Se a persoa incorporada ten discapacidade ou está en situación ou risco de exclusión social.
- c) Se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.
- d) No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

No suposto de ter dereito a un o varios incrementos aplicarase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

Os beneficios establecidos á contratación neste capítulo non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona.

PROCEDEMENTO DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL E A SÚA TRANSFORMACIÓN EN CONTRATO INDEFINIDO (TR349L)

Para os efectos deste procedemento serán subvencionables:

- a) As contratacións de carácter temporal realizadas desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- b) As transformacións en indefinidos dos contratos temporais realizados desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017 e subvencionados ao abeiro deste procedemento, sempre que a transformación se realice ata o 30 de setembro de 2017.

Requisitos

Os incentivos previstos neste procedemento serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal a tempo completo que se realicen con persoas mozas desempregadas, que non traballasen no día natural anterior á data da contratación e inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Os contratos temporais terán unha duración mínima inicial superior a seis meses, agás os contratos en prácticas realizados conforme o artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que terá unha duración inicial mínima de 12 meses.

O contrato para a formación e a aprendizaxe deberá adecuarse ao establecido no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a

formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. Os contratos para a formación e a aprendizaxe terán unha duración mínima dun ano. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin a máxima superior a tres anos.

Así mesmo, será necesario que a actividade formativa sexa autorizada pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

Para o cálculo do incremento do cadro de persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexa declarado improcedente ou cuxas baixas se producisen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.

No suposto da transformación dun contrato temporal subvencionado en indefinido, aplicaranse as normas do capítulo VI do presente programa, agás o requisito do incremento do emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia.

As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Contías dos incentivos

A contía da axuda calcularase da seguinte maneira:

a) 250 euros por cada mes completo de duración do contrato ata un máximo de 12 mensualidades.

b) Esta contía incrementarase nun 25 % en cada un dos seguintes casos:

1º. Se a persoa incorporada é unha muller.

2º. Se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.

3º. Se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.

4º. No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

Os contratos para a formación e a aprendizaxe incentivaranse cunha axuda de ata 1.200 euros, sempre que a súa duración sexa de doce meses, e a parte proporcional cando no caso de autorización a súa duración sexa inferior, e o tempo efectivo de traballo sexa igual ao 75 % da xornada de traballo.

Esta contía incrementarase nun 25 % en cada un dos seguintes casos:

1º. Se a persoa incorporada é unha muller.

2º. Se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.

3º. Se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.

4º. No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

Os contratos en prácticas incentivaranse cunha axuda de 3.600 euros.

Esta contía incrementarase nun 25 % en cada un dos seguintes casos:

1º. Se a persoa incorporada é unha muller.

2º. Se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.

3º. Se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.

4º. No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

A transformación de contratos temporais subvencionados ao abeiro desta procedementos incentivarase con 2.500 euros.

Esta contía incrementarase nun 25 % en cada un dos seguintes casos:

1º. Se a persoa incorporada é unha muller.

2º. Se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.

3º. Se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.

4º. No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

No suposto de ter dereito a un o varios incrementos aplicarase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

Se a transformación se produce con anterioridade ao remate da duración inicial

dun contrato temporal xa subvencionado, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

Os beneficios establecidos á contratación neste procedementos non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 80 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral de presentación de solicitudes para o Programa II regulado nesta orde finalizará o 30 de setembro de 2017.

Programa III. Programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, dirixido a mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (procedemento TR352C).

Este programa ten por obxecto o financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, a través da contratación durante sete meses de persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral.

Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións previstas neste programa as entidades sen ánimo de lucro que dispoñan de capacidade técnica e de xestión

suficientes para a execución dos correspondentes proxectos, sempre que non estean incursas nalguna das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para seren beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter personalidade xurídica e capacidade de obrar e estar debidamente inscritas no correspondente rexistro público.

b) Dispoñer de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

Para os efectos do disposto na letra b) do número anterior, presumírase que as entidades dispoñen de capacidade técnica e de xestión suficiente cando concorran, cando menos, dúas das seguintes circunstancias:

a) Que dispoñan dun centro de traballo, entendendo por tal unha oficina ou delegación permanente que poida ser habilitada para o efecto, na Comunidade Autónoma de Galicia, distinta da sede social da entidade cando coincida co domicilio das persoas físicas que outorgasen a escritura de constitución e/ou dirixen a entidade, en propiedade, arrendada ou cedida formalmente a esta.

b) Que sexan titulares dun contrato de telefonía móbil ou fixa no citado local.

c) Que tivesen contratado por conta allea por máis de seis meses algún traballador ou traballadora nos últimos tres anos, sen que se poidan computar as persoas contratadas, nese período, mediante as axudas e subvencións correspondentes aos programas e medidas das políticas activas de emprego.

Contía subvención

A subvención que percibirán as entidades beneficiarias por realizar as contratacións consistirá nunha contía por cada unha delas, calculada tomando como referencia os custos salariais e de Seguridade Social das persoas que se van contratar nos termos previstos nos seguintes puntos.

A contía máxima da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de persoas contratadas polo importe do módulo que lle corresponda en función do grupo de cotización á Seguridade Social do traballador ou traballadora que se contrate, conforme o establecido no parágrafo seguinte, ou a cantidade prevista no convenio colectivo que resulte de aplicación, de ser esta inferior.

Os módulos correspondentes a cada grupo de cotización das persoas traballadoras contratadas serán os seguintes:

Módulo A: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a unha vez e media o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente cada ano, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias –por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM– e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada nos grupos de cotización da Seguridade Social 10 e 11: 8.703,46 euros.

Módulo B: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias –por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM– e a correspondente cotización empresarial á

Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada dentro do grupo de cotización da Seguridade Social 9 ao 5, ambos inclusive: 11.604,62 euros.

Módulo C: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias –por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM– e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada dentro do grupo de cotización da Seguridade Social 4 ao 1, ambos inclusive: 17.406,92 euros.

A presente regulación é coherente coa normativa no eido da concesión e xustificación de axudas por medio dos custos simplificados e da orde de elixibilidade, e ten por obxectivo a simplificación da xestión administrativa e das obrigas de xustificación impostas ás persoas beneficiarias.

Para os efectos destas subvencións, non se consideran custos salariais elixibles o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

As subvencións previstas neste programa serán incompatibles con outras subvencións ou axudas públicas, con independencia do seu importe, para o mesmo obxecto e finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral de presentación de solicitudes para o Programa III regulado nesta orde será dun mes desde a súa publicación no DOG.

Normativa

ORDE do 18 de xullo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a incentivar o emprego autónomo e a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través do Programa I (emprego autónomo), Programa II (fomento da contratación por conta allea) e Programa III (programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro), convocatoria do ano 2017.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170804/AnuncioG0424-210717-0001_gl.html

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT)

O programa ten como obxecto impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a convocatoria do Programa de incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica:

- a) Subvención á creación directa de emprego estable.
- b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.
- c) Axuda para o inicio e a posta en marcha da actividade.

Entidades beneficiarias

As empresas privadas, incluídas as persoas autónomas, con domicilio social, fiscal e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT, sempre que a maioría da titularidade da empresa corresponda ás persoas físicas promotoras do proxecto empresarial cualificado como IEBT e se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

Modalidades de Axuda

Subvención á creación directa de emprego estable.

Cada un dos postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os dos propios promotores e promotoras, creados nun centro de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incentivarase cunha subvención de 6.000 euros.

Os postos de traballo estables incentivaranse cunha subvención de 9.000

euros cando se trate de persoas tituladas universitarias desempregadas.

Os postos de traballo estables incentivaranse cunha subvención de 10.000 euros se son persoas desempregadas que posúan o título de doutor.

Esta contías incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

- Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.
- Un 25 % se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.
- Un 25 % se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar en que todos os seus membros están desempregados.
- Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

No suposto de ter dereito a un ou varios incrementos aplicarase a subvención aos indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada coa solicitude quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

É requisito para poder ser beneficiario desta subvención que o cadro de persoal, no mes

en que se proceda á primeira contratación por conta allea, estea constituído, como mínimo, nun 25 % por persoas con titulación universitaria.

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

Cando a dedicación inicial se realice a tempo parcial e se transforme a tempo completo, a empresa poderá solicitar a diferenza entre a contía que se percibiu inicialmente e a que corresponde por dedicación a tempo completo, sempre que a dita modificación se produza dentro do primeiro ano de actividade.

Non se concederá esta axuda cando se trate de persoas traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

Esta subvención será compatible, se é o caso, coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os beneficios poidan superar o 80 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato obxecto de subvención.

Serán subvencionables os postos de traballo estables creados entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017 dentro do primeiro ano de actividade da empresa, sempre que permaneza vixente a contratación no momento da súa solicitude.

[Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación.](#)

As contratacións temporais de persoal técnico de alta cualificación realizadas para prestar servizos nun centro de traballo da

Comunidade Autónoma de Galicia antes de que transcorra un ano desde a data de inicio da actividade serán subvencionadas na contía resultante de multiplicar o custo bruto salarial medio mensual de un contrato temporal, segundo os datos da última EPA publicados (1.463,60 €), polo número de meses de duración do contrato temporal que se subvenciona.

O período subvencionable será como máximo dun ano e para acceder a esta axuda o experto técnico de alta cualificación contratado deberá estar en posesión dun título universitario.

Quedan excluídas desta modalidade de axuda as contratacións realizadas cos titulares ou socios e socias da empresa cualificada como iniciativa de base tecnolóxica, así como o cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive da persoa empresaria ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estas persoas citadas. Non será de aplicación esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate por conta allea os fillos e fillas menores de trinta anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen asalariados, e contrate un só familiar menor de corenta e cinco anos, que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo. Así mesmo, quedan excluídos desta subvención os contratos formativos.

Esta subvención terá como límite máximo, por todas as contratacións, a contía de

18.000 euros, e estará condicionada á xustificación pola empresa de que coas contratacións obxecto de subvención se suplan carencias ben identificadas para o desenvolvemento da actividade empresarial e o bo fin dela.

Serán subvencionables as contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017.

Axuda para o inicio e a posta en marcha da actividade.

Esta axuda financiará parcialmente os gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade. O importe máximo desta axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo estables creados e subvencionados durante o primeiro ano de actividade ao abeiro desta orde de convocatoria, de acordo coa seguinte escala:

- 1 posto de traballo: ata 10.000 euros.
- 2 postos de traballo: ata 18.000 euros.
- A partir de 3 postos de traballo: ata 24.000 euros.

O importe da axuda non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables.

Esta axuda destinarase a sufragar os gastos necesarios realizados entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017 que se produzan antes de que transcorra un ano desde o inicio da súa actividade e sexan efectivamente xustificadas, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 20 de decembro de 2017.

Os gastos subvencionables serán o arrendamento do local, de maquinaria e de equipamentos informáticos; os gastos do

seguro do local, de publicidade e subministracións, excluído o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Os gastos poderán ser computados sempre que as facturas estean estendidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algunha das persoas promotoras da empresa. Exclúense, así mesmo, os impostos e os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

Tamén serán subvencionables nesta axuda os cursos que a persoa promotora ou empresaria poida recibir para obter ou mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o día seguinte ao da súa publicación e rematará o 30 de setembro de 2017.

Normativa

ORDE do 20 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170810/AnuncioG0424-270717-0005_gl.html

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CREACIÓN DE EMPREGO E INCREMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL

Este programa ten a finalidade de favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral.

Divídese en dous programas con procedementos diferenciados:

- Programa I. Programa de incentivos á contratación indefinida inicial (procedemento TR349A)
- Programa II. Programa de incentivos á contratación de persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social (procedemento TR349D)

Entidades beneficiarias

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada

empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2016 e a data da publicación desta orde deberán presentarse no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día seguinte ao da publicación e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde deberán solicitarse ata o último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral pola que se solicita subvención. Se o último día de prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O prazo para presentar as solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2017, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado no parágrafo anterior.

Programa I. Programa de incentivos á contratación indefinida inicial (procedemento TR349A)

Este programa ter por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2017 dos incentivos a contratacións indefinidas iniciais, a tempo completo ou a tempo parcial, incluída a modalidade fixo discontinuo, que realicen as empresas con aquelas persoas desempregadas maiores de 30 anos que esgotasen as prestacións por desemprego.

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións indefinidas iniciais que se formalicen desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017, ambos inclusive.

Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais, a tempo completo ou a tempo parcial, incluída a modalidade de fixo discontinuo, que realicen as empresas con aquelas persoas desempregadas maiores de 30 anos que esgotasen as prestacións por desemprego.

Contía dos incentivos

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 8.000 euros.

Esta contía incrementarase nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

- Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.
- Un 25 % se a persoa incorporada ten discapacidade ou se encontra en situación ou risco de exclusión social.

- Un 25 % se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar na cal todos os seus membros están desempregados.

- Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

No caso de que a empresa conte no seu cadro de persoal do mes da contratación pola que se solicita subvención cun mínimo do 75 % de persoal indefinido, as contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 10.000 euros.

Esta contía incrementarase nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

- Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.

- Un 25 % se a persoa incorporada ten discapacidade ou se encontra en situación ou risco de exclusión social.

- Un 25 % se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar na cal todos os seus membros están desempregados.

- Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán, en concorrencia

con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona.

Programa II. Programa de incentivos á contratación de persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social (procedemento TR349D)

Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2017 dos incentivos ás contratacións indefinidas iniciais, as contratacións de carácter temporal e as transformacións de contratos temporais en indefinidos formalizadas con persoas que estean en situación ou risco de exclusión social.

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións indefinidas iniciais, as contratacións con carácter temporal e as transformacións de contratos temporais en indefinidos que se formalicen desde o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro de 2017, ambas inclusive.

Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais, a tempo completo ou a tempo parcial, incluída a modalidade de fixo discontinuo, que realicen as empresas e as entidades empregadoras con persoas en situación ou risco de exclusión social.

Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal, a tempo completo ou a tempo parcial, que se realicen con persoas desempregadas pertencentes a

algún dos colectivos relacionados no artigo 5.3 da orde.

Contías das axudas

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 10.000 euros. Esta contía incrementarase nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.

Un 25 % se a persoa incorporada pertence a unha unidade familiar na cal todos os seus membros están desempregados.

Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.

As contratacións temporais incentivaranse do seguinte xeito:

Duración Contrato	Contía
6 meses	2500 €
7 meses	2900 €
8 meses	3300 €
9 meses	3700 €
10 meses	4100 €
11 meses	4550 €
12 meses	5000 €

As transformacións de contratos temporais en indefinidos incentivaranse cunha axuda de 2.500 euros.

A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

Se a transformación se produce con anterioridade ao remate da duración inicial dun contrato temporal xa subvencionado, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado, reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

O cálculo da contía para minorar da subvención que lle correspondería á transformación farase do seguinte xeito:

- i. Divídese a subvención concedida polo contrato temporal entre o número de meses de duración deste contrato.
- ii. Calcúlase o número de meses que resta para o cumprimento do contrato temporal, a partir da data da transformación do contrato temporal en indefinido.
- iii. E multiplícase o importe obtido na primeira operación polo número de meses que restan por cumprir do contrato temporal. A contía resultante descontarase do importe total da subvención que

corresponde á transformación, tendo en conta que o mes en que se leve a cabo a transformación do contrato en indefinido non será computado para os efectos da compensación, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Normativa

ORDE do 19 de xullo 2017 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170811/AnuncioG0424-270717-0007_gl.html

AXUDAS PARA AMPLIAR A REDUCIÓN DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A CONSOLIDACIÓN DO TRABALLO AUTÓNOMO, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017.

A orde, publicada no Diario Oficial de Galicia do 24 de agosto, ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerán as axudas a persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que estean ou estivesen acollidas aos incentivos e medidas de fomento e promoción do traballo autónomo do parágrafo primeiro do artigo 31.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que establece que a cota por contingencias comúns, incluída a incapacidade temporal, das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos cinco anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, reducirase á contía de **50 euros mensuais** durante os 6 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, no caso de que opten por cotizar pola base mínima que lles corresponda.

Mediante a axuda, permitirase que a persoa traballadora por conta propia goce das reducións durante un máximo de 6 meses adicionais aos primeiros **6 meses**, completando así un máximo de **12 meses de redución**, tomando como referencia a cotización pola base mínima establecida con carácter xeral e o tipo mínimo de cotización, vixentes no mes en que se producise a alta da persoa traballadora autónoma.

Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas traballadoras que estean dadas de alta no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, que estean ou estivesen acollidos aos incentivos e medidas de fomento e promoción do traballo autónomo do parágrafo primeiro do artigo 31.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, segundo modificación efectuada pola Lei 31/2015, do 9 de setembro, desde a súa alta inicial ata o sexto mes desde dita alta.

Requisitos e obrigas das persoas beneficiarias

- Ser, ou ter sido, beneficiarias das reducións previstas no parágrafo primeiro do artigo 31.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo.
- Rematar o goce das reducións indicadas no punto anterior durante o exercicio a que se refire a convocatoria desta orde de subvencións.
- Manter as condicións que lle deron dereito a gozar das devanditas reducións nas cotas da Seguridade Social, durante o período obxecto da subvención.
- Estar ao día das obrigas tributarias coa Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Seguridade Social.
- Realizar a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.
- A persoa beneficiaria estará obrigada a comunicar, de xeito inmediato, calquera variación ou extinción das condicións que lle deron dereito a percibir estas axudas.

Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia ata o 30 de setembro de 2017.

Normativa

ORDE do 9 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras, de carácter permanente, que rexerán as axudas para ampliar a redución das cotas da Seguridade Social para a consolidación do traballo autónomo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170824/AnuncioG0424-110817-0004_gl.html